



XOGO DA ACUICULTURA ECOLÓXICA

alimentos ecolóxicos, bos para a natureza, bos para ti



CONSELLO REGULADOR DA
AGRICULTURA ECOLÓXICA DE
GALICIA (C.R.A.E.G.A.)

Ronda Emilia Casas Baamonde, s/n
(Edificio Multiusos)

27400 Monforte de Lemos (Lugo)

Tel 982405300 Fax 982416530



raega@raega.es

www.raega.es



NORMAS DO XOGO

Nº DE XOGADORES: 2 ou máis.

MATERIAIS: o taboleiro, un dado, e unha ficha para cada xogador.

¿COMO XOGAR?: Tódolos xogadores tiran o dado e comeza a xogar aquel que obteña unha maior puntuación, continuando cara a dereita deste. O obxectivo é ser o primeiro en chegar á posición central dos logos de produción ecolóxica certificada (63); o xogador deberá entrar nesta posición coa puntuación exacta, en caso de exceso, retrocederanse tantas posicións como puntos sobren.

POSICIÓNS ESPECIAIS:

Logo europeo de produción ecolóxica: (1, 5, 9, 18, 27, 32, 36, 41, 45, 50, 54, 59) De ECO a ECO e tiro porque é un alimento completo.

Logo galego de produción ecolóxica (CRAEGA): (14, 23) De CRAEGA a CRAEGA e que certifica a produción ecolóxica galega.

Batea: (6, 12) Cambia de batea, que esta xa está chea, pero tira de novo o dado, que o límite de cincocentas cordas non o tes superado.

Dado: (26, 53) De dado a dado e tiro porque está mandado.

Recicla: (31, 47) Reciclar é gañar! Por xestionar correctamente os residuos das bateas avanzas 8 posicións.

Forte marusía: (42) O mar está picado, 2 quendas parado.

Marea vermella: (52) Exceso de toxina no mar, 3 quendas sen xogar.

Reconversión: (58) Os análises indican presenza de residuos químicos no teu cultivo, non se pode certificar como ecolóxico. Volve a posición inicial e comeza o xogo de novo.

